



Concello de Lourenzá

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO

Redáctase a presente Memoria para dar cumprimento as esixencias legais establecidas no artigo 63 a) da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

1.- XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DO CONTRATO.

A necesidade que se debe satisfacer coa actuación proxectada consiste en á rexeneración do pavimento dun vial que discorre entre a estrada de Arroxo e Lourenzá da Parroquia de Santa María do Termo Municipal de Lourenzá.

A obra consistirá no extendido dunha capa de mezcla asfáltica en quente de 5 cm de espesor e 5% de regularización previa coa mesma mezcla.

Inclúese a limpeza de cunetas para facilitar a circulación das augas de escorrentía e evitar que se produzan danos no pavimento do camiño, así como sinalización horizontal e marcas viais.

A vía ten unha lonxitude de 780 metros e unha anchura de 7,00 metros.

A actuación que se propón está contemplada como servizos obrigatorios contemplados no artigo 26 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, incluída como déficit, considérase déficit primordial, e deberá ser incluída na próxima revisión, dende o PK. 0,000 ao PK. 0,780.

2.- OBXECTO DO CONTRATO.

Celebrarase contrato de obra conforme a definición indicada no artigo 13 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, e no anexo I do mesmo, que terá por obxecto a execución do proxecto: "REGENERACIÓN DEL PAVIMENTO DESDE LA CARRETERA DE ARROXO A LOURENZÁ P.K. 0,000 AL P.K. 0,780" redactado por D. José Enrique Cacedo Herrero, Enxeñeiro de Camiños, colexiado núm. 8905, de data febreiro do 2023.

3.- ANÁLISE TÉCNICA.

As características técnicas da obra serán especificadas no correspondente Prego de Prescricións Técnicas .

4.-ANALISE ECONÓMICA

O importe do proxecto é o seguinte:

TOTAL EXECUCIÓN MATERIAL	45.567,78
Gastos Xerais 13%	5.923,81
Beneficio Industrial 6%	2.734,07
VALOR ESTIMADO CONTRATO	54.225,66
Imposto Valor Engadido	11.387,39
TOTAL PRESUPOSTO BASE LICITACIÓN	65.613,05

4.1 VALOR ESTIMADO DO CONTRATO.

Tendo en conta o establecido no artigo 101 da LCSP, para o cálculo do valor estimado, o valor estimado deste contrato ascende a contía de **54.225,66** euros, IVE excluído.

4.2.- PRESUPOSTO DO CONTRATO E APLICACIÓN ORZAMENTARIA.

PARTIDA	453.619
---------	---------





Concello de Lourenzá

OBJECTO	<i>"REGENERACIÓN DEL PAVIMENTO DESDE LA CARRETERA DE ARROXO A LOURENZÁ P.K. 0,000 AL P.K. 0,780"</i>
CONSIGNACIÓN ORZAMENTARIA	65.613,05

5.- FINANCIAMENTO.

Este proxecto conta cunha subvención do Plan Único da Deputación de Lugo por importe de 54.613,05 euros para a execución do proxecto: *"REGENERACIÓN DEL PAVIMENTO DESDE LA CARRETERA DE ARROXO A LOURENZÁ P.K. 0,000 AL P.K. 0,780"*.

6.-ANÁLISE DO PROCEDIMENTO.

Para os efectos previstos no artigo 28.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público -LCSP 2017, xustifícase a necesidade de acudir ao contrato administrativo de obras en base á insuficiencia de medios persoais e materiais, xa que o concello non dispón de maquinaria nin equipos co que realizar as actuacións proxectadas nin de persoal en plantilla cualificado para a execución da obra en condicións mínimas de estándar de calidade.

O procedemento para a contratación da obra será o procedemento aberto simplificado regulado no artigo 159 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), por ter un valor estimado inferior a 2.000.000,00 de euros.

OBRA	<i>"REGENERACIÓN DEL PAVIMENTO DESDE LA CARRETERA DE ARROXO A LOURENZÁ P.K. 0,000 AL P.K. 0,780"</i>
PROCEDIMENTO	ABERTO SIMPLIFICADO
TRAMITACIÓN	ORDINARIA
TIPO DE CONTRATO	ADMINISTRATIVO DE OBRAS
CLASIFICACIÓN CONTRATISTA	G.6.CATEGORÍA 1.
CLASIFICACIÓN CPV	45233252-0, 45232410-9, 45233340-4,45315600-4, 45316100-6, 451111000-8
ACEPTA RENOVACIÓN	NON
REVISIÓN PREZOS	NON
ACEPTA VARIANTES	NON
ORZAMENTO BASE LICITACIÓN	54.225,66
IMPOSTOS	11.387,39
TOTAL	65.613,05
VALOR ESTIMADO CONTRATO	54.225,66
PRAZO EXECUCIÓN	TRES (3) MESES
GARANTÍA PROVISIONAL	NON
GARANTÍA DEFINITIVA	SI (5%)
GARANTÍA COMPLEMENTARIA	NON

A presente Memoria será obxecto de publicación no perfil do contratante de





Concello de Lourenzá

conformidade co regulado no artigo 63.3 a) da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público.

7.-VIABILIDADE, ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA.

Unha vez obtido o valor estimado do contrato, debemos analizar se é posible abordar o seu custo, tendo en conta, tanto a súa incidencia económica como o fundamento do sistema de financiamento proposto, isto é, se a entidade dispón de recursos propios, se vai contar con subvencións ou outros recursos afectados, ou se ten capacidade de endebedamento a longo prazo, entre outras opcións.

A viabilidade do contrato está garantida ó contar o concello cunha subvención da Deputación Provincial de Lugo concedida ó abeiro do Plan Único do 2023, e así estar consignado na partida 453.619 dos vixentes presupostos.

8.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN.

Á vista do valor estimado do contrato referenciado, ó órgano competente para efectuar a presente contratación será a Alcaldía, de conformidade co sinalado na Disposición Adicional segunda da LCSP, e por delegación a Xunta de Goberno Local, conforme ó disposto nos artigos 21.3 e 22.3 da Lei 7/85, Lei de Bases de Réxime Local.

En Lourenzá, a 8 de abril do 2024.

A Alcaldesa-Presidenta

Asdo. : Rocío López García.

Documento asinado electronicamente en data ó marxe.

